

CONCURSO OLLA A PALABRA DO DÍA!

A Real Academia Galega e a Fundación Barrié convocan, a través do Portal das Palabras e en colaboración co colectivo docente Galiza Visual, o Concurso **Olla a Palabra do Día!** A iniciativa pretende promover a divulgación do léxico galego, e potenciar a creatividade, a capacidade de síntese e a aprendizaxe de conceptos mediante o pensamento visual.

O pensamento visual consiste na expresión de conceptos mediante imaxes, unha achega á realidade que consiste en analizar, organizar e representar ideas botando man de ferramentas visuais. Baséase na representación da realidade mediante debuxos sinxelos que poden ir acompañados de textos simples.

Poderán concorrer ao concurso aqueles traballos que representen ideas a través de ilustracións, mapas conceptuais ou apuntamentos visuais e que se sirvan de distintas ferramentas e técnicas manuais, dende o debuxo con lapis, ceras ou rotuladores ata a acuarela; e no caso da categoría de ESO, tamén dixitais.

1 Participación

1.1 O Concurso **Olla a Palabra do Día!** está dirixido ao alumnado de educación infantil, primaria e ESO de todos os centros educativos de Galicia e aqueloutros onde se ensine galego. Establécense as seguintes categorías:

Infantil. Alumnado de segundo ciclo de educación infantil.

Primaria 1. Alumnado de 1º, 2º e 3 de primaria.

Primaria 2. Alumnado de 4º, 5º e 6º de primaria.

ESO. Alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.

1.2 Cada traballo presentado ao concurso levará á linguaxe visual as palabras do día do Portal das Palabras (portaldaspalabras.gal) dunha das semanas comprendidas entre o 5 de outubro e o 1 de novembro de 2020 (de luns a domingo), que xirarán arredor dos seguintes temas: o Día da Nena, a vida e a obra do Protagonista do Día das Letras Galegas 2020, Ricardo Carballo Calero, o Samaín e a educación ambiental. Todas as palabras estarán dispoñibles, a medida que se publiquen, na ligazón <https://portaldaspalabras.gal/lexico/palabra-do-dia/>.

1.3 Os traballos deberán incluír por escrito as 7 palabras da semana en que se

inspiran e funcionan como mapas conceptuais ou apuntamentos visuais que sinteticen en imaxes a temática abordada, e que poidan dialogar con outros conceptos relacionados. As imaxes deberán referirse de forma clara cando menos a 5 das 7 palabras do día da semana elixida cando se concorra nas categorías Primaria 2 e ESO.

1.4 Nas categorías de infantil e primaria, a participación realizarase por aulas. Cada aula poderá concursar cun mural colectivo ou ben cun mínimo de 7 ilustracións realizadas cando menos por outros 7 estudantes (ou toda a aula de seren menos). A división por categorías non rexerá para aquelas aulas de centros rurais agrupados compostas por alumnado de distintos cursos.

Poderán empregarse todo tipo de técnicas propias da ilustración non dixital (lapis de cores, rotuladores, tinta, acuarela...).

1.5 A participación na categoría da ESO será por centros. Poderán concorrer ao concurso con traballos realizados por un mínimo de 7 estudantes de distintos niveis baixo a coordinación cando menos dun ou dunha docente. Cada centro participará cun máximo de tres propostas. Será posible empregar todo tipo de técnicas propias da ilustración tradicional (lapis de cores, rotuladores, tinta, acuarela...). Tamén se aceptarán traballos producidos dixitalmente.

1.6 Cada proposta será enviada por correo electrónico de acordo coas seguintes indicacións:

No asunto figurará **Olla a Palabra do Día+Categoría+Nome do centro** e conterá dous documentos que en conxunto non poderán superar os 10 MB:

Documento A

No caso das categorías de infantil e primaria, nomearase **Curso e letra da aula+Nome do centro educativo** e conterá en formato JPG a ilustración ou o conxunto de ilustracións coa(s) que se participe.

Na categoría de ESO, nomearase **ESO+Nome do centro educativo**, seguido do número identificador en caso de que se presenten dúas ou tres propostas dende o mesmo colexio ou instituto. Conterá en formato JPG a ilustración ou ilustracións coa(s) que se participe.

Documento B

Nas categorías de infantil e primaria, nomearase **Permisos+Curso e letra da aula+Nome do centro educativo** e conterá en formato PDF ou similar o Anexo I debidamente cuberto pola dirección do centro educativo.

Na categoría de ESO, nomearase **Permisos+número identificador+Nome do centro educativo** e conterá en formato PDF ou similar o Anexo I debidamente cuberto pola dirección do centro educativo.

No corpo do correo deberá recordarse brevemente a categoría na que se concursa, o nome do centro educativo e mais o nome da aula, ou o número identificador en caso dos proxectos da ESO. Indicarse igualmente o tema da semana da Palabra do Día en que se inspira a creación presentada.

Cada envío deberá ser realizado por un/unha docente do centro educativo correspondente ao enderezo concurso@portaldaspalabras.gal e incluírá exclusivamente a documentación referida a un único proxecto, aínda que un mesmo centro educativo participe con distintas propostas.

O prazo para a presentación de ilustracións abrírase o día 1 de novembro de 2020 e pecharase o 1 de decembro.

2 Premios

2.1 Concederanse dous premios por cada unha das categorías de infantil e primaria e outros dous na categoría de ESO.

Infantil

- Primeiro premio: unha caixa de 72 unidades de ceras acuarelables e unha caixa de 64 unidades de ceras de preescritura.
- Segundo premio: unha caixa de 64 unidades de ceras de preescritura.

Primaria 1

Primeiro premio: cen unidades de cores acuarelables (finas), un estoxo de rotuladores de caligrafía, tres estoxos de rotuladores de iniciación á ilustración e 30 cadernos formato A5.

Segundo premio: un estoxo de rotuladores de caligrafía, dous estoxos de rotuladores de iniciación á ilustración e 30 cadernos formato A5

Primaria 2

Primeiro premio: cen unidades de cores acuarelables (finas), un estoxo de rotuladores de caligrafía, tres estoxos de rotuladores de iniciación á ilustración e 30 cadernos formato A5.

Segundo premio: un estoxo de rotuladores de caligrafía, dous estoxos de rotuladores de iniciación á ilustración e 30 cadernos formato A5.

ESO

Primeiro premio: tableta Samsung Galaxy Tabe S6 ou similar.

Segundo premio: tableta gráfica con bluetooth Wacom Intuos M ou similar.

3 Xurado

3.1 O xurado estará formado por tres persoas designadas pola Real Academia Galega, a Fundación Barrié e o colectivo Galiza Visual. A súa decisión será inapelable e poderá declarar os premios desertos.

3.2 A resolución do xurado difundirase nas webs do Portal das Palabras, a Real Academia Galega e a Fundación Barrié.

4 Dereitos de difusión

10. Coa participación no certame, os/as autores/as autorizan a organización, sen ningunha contraprestación e de maneira expresa, a reproducir (total ou parcialmente), comunicar publicamente (total ou parcialmente) e distribuír (total ou parcialmente) as súas ilustracións en calquera forma ou soporte, para todo o mundo e no prazo que permita a lexislación vixente. A organización respectará, en todo caso, os dereitos morais que os/as autores/as posúan sobre as súas obras.

ANEXO I. Solicitude do centro educativo e permisos

Eu.....

como director/a do centro escolar.....

.....

con enderezo postal.....

.....

correo electrónico.....

e teléfono.....

Solicito a participación no concurso **Olla a Palabra do Día**, co/s grupo/s que a continuación indico:

.....

.....

Baixo a coordinación de

.....

E confirmo que o centro conta cos permisos dos/as proxenitores ou titores/as do alumnado para participar en dito concurso de acordo coas bases, que pode implicar a publicación dos traballos presentados e os nomes do/as autores/as.

Data e lugar. Selo do centro.

Asdo: